

Ángel Valverde Prado (1893-1965)

ANTONIO VALVERDE ALONSO

RESUMO:

O autor, fillo do emprendedor Ángel Valverde, reconstrúe, a partir dunhas notas manuscritas do seu proxenitor, as múltiples iniciativas empresariais por el impulsadas nos máis diversos eidos; produción eléctrica, fabricación de vidro, construción, finanzas, transporte e moitas outras.

PALABRAS CHAVE: Electricidade, fabricación de vidro.

ABSTRACT

The author, son of the enterprising Ángel Valverde, reconstructs, from some handwritten notes of his progenitor, his multiple business initiatives in the most different fields; electrical production, glass manufacturing, construction, finances, transport and many others.

KEY WORDS: Electricity, glass manufacturing.

LIMIAR

No mes do outubro do ano 1957, despois dunha discusión por cuestións do negocio que agora non veñen a conto, meu pai entregoume unha ducia de sobres de correo que xa foran abertos e sempre aproveitaba para facer os borradores dos seus escritos, e que se engaden no anexo final, que os puxera en limpo para que soubese o volume de negocio que fora quen de desenvolver.

Nunca me esquecín desta manda, que me roulou na cachola dende aquela ata agora. Non quero marchar sen cumprila xa que sei dabondo que o que foi capaz de facer é moito máis có que apuntou neses sobres e non se me escapa que na retranca da súa manda agachaba o desexo de que os seus descendentes soubesen dos traballos e éxitos da súa vida.



Ángel Valverde Prado

“Yo comprendo que mi debilidad es la inquietud y la vida de trabajo, y mientras Dios quiera conservarme la salud para continuar en mis actividades, no cesaré en mis modestas iniciativas privadas”

Angel Valverde Prado.
Faro de Vigo 4 de maio de 1952



Avós de Ángel Valverde Prado

Naceu en Gondomar o día 1 de outubro do ano 1893 na casa nº 13 da rúa Eduardo Iglesias, que aínda existe, onde vivían seus pais e na que había un forno no que súa nai cocía o pan, roscas, trenzas e os típicos “boleardos” famosos daquela vila.

Era fillo de Ángel Valverde Sayanes (1847/1918), mestre de obras, nado en San Pedro da Ramallosa, que deixou pegada do oficio no Val Miñor, e de Ángela Prado Burós (1862/1918), panadeira, nada en Santa Cristina da Ramallosa, pais tamén de Jesús (1883/1943); Manuel Ángel (1888/1932); Laureana (1889/1966); José Antonio (1895/1918) e Bienvenido (1899/1961).

Pouco se sabe de como percorreu a súa nenez e xuventude, só por aquelas cousas que el contaba. Así sábese que de rapaz el era quen repartía o pan polas casas da bisbarra e ao tempo vendía coellos e años que el criaba e con iso facía peto. O reparto do pan seica o realizaba unha besta que a facía suar e coa suor do fociño refregábase por riba dos beizos e a cara para que lle nacese o bigote e a barba que non lle daban saído, nin nunca lle medraron.

Daquela, amais de repartir o pan, e criar coellos e años, “O Cebola”, como lle chamaban os da súa banda, xa despuntaba pola súa capacidade e ansias de aprender. Foi á escola do mestre don Enrique Alonso que alcuñaban “o escolante”, e cando finou os estudos premiouno cun libro que lle dedicou deste xeito: “Angelito, síntoo pero non che podo ensinar máis”.

Contaba que no ano 1910 tiña aforrado cartos para marchar a América, non tantos como para a pasaxe ordinaria, senón, soamente, para pagarlle o suborno ao capitán do barco para que o levase, cousa que facían moitos dos que coma el querían embarcar, collendo un barco que os levaba ata as illas Cies por onde ía pasar o transatlántico, á espera da parada para que o Práctico e a Policía deixasen o buque, pois ese era o momento de facer o trato.

Pero nesa data desbotou a idea de ir “facer as Américas”, e xunto co seu irmán Jesús, e outros compañeiros da *República* -así chamaban a fonda onde se hospedaban mentres duraban os estudos- fundaron unha empresa que chamaron *J. Valverde y Cia.* que había de dedicarse a todo o relacionado coa electricidade. Algún deses compañeiros, en vez de cartos, puxeron bens, como don Francisco Novoa, “Pancho”, logo Delegado de Fenosa en Pontevedra, que achegou unha máquina de escribir. *J. Valverde y Cia.* dedicábase a facer instalacións eléctricas e asentouse en Vigo no número 10 da rúa Ángel Urzaiz onde permaneceu ata que a mercou Fenosa no ano 1963.



Boda do matrimonio, no ano 1918.



Vivenda do matrimonio no barrio de Peniche.

Casou no ano 1918 con Concepción Alonso Gonda, nada en Gondomar o día 9 de decembro do ano 1891 e finada o día 12 do outubro de 1971, filla de Manuel Alonso Pérez, Perito Agrimensor e Secretario do Concello de Gondomar (1856/1915), nado en Couso, e de Anunciación Gonda Márquez (1858/1914) de Morgadáns, irmá de Filomena (1881/1954), Manuel (1883/1973), Urbano (1886/1966), Luísa (1887/1966) Aurora (1889/1970) Trinidad (1894/1971) e Severino (1896/1976). Un conxunto familiar que non pode estar máis vinculado ao Val Miñor.

O matrimonio tivo doce fillos e viviron na rúa Tomas A. Alonso nº 38, no barrio de Peniche, un chalé que fixera construír de acordo cun proxecto que lle encargou ao arquitecto Gomez Román.

Antes de vivir en Peniche e despois dunha curta estancia nun piso da rúa Colón pasaron a vivir noutra casa da rúa do Romil, Villa María, onde naceu o terceiro fillo chamado Ángel –antes tiveran dous fillos que morreron de nenos- esa casa logo converteuse no Sanatorio Pintado. Despois pasaron a vivir na rúa Pi y Margall 49, un primeiro andar que se alongaba cunha leira de tres socalcos que chegaban á rúa Romil onde criaba galiñas, e esa foi unha afección que tivo toda a vida. Alí viviron ata 1932 e naceron José, Jesús, M^a Luísa, Severino e Anunciación. Antes de pasar ao chalé estiveron nun piso a carón dos RR.PP. Redentoristas, onde naceu Concepción.

Nos tempos da guerra xa eramos dez fillos e a súa teima era que non faltase con que darnos de comer. Así que nas terras que herdara de seus pais e tamén nas que herdara a súa dona dos seus, na Ramallosa e Gondomar, cultivou toda clase de produtos de alimentación. Sementou patacas, verzas, xudías, chícharos... e tamén millo e herba para

o gando, criou galiñas para ter ovos e pitos, coellos, vacas para ter leite e facer queixo, porcos... de todo.

Na mesma casa de Peniche sementou, no xardín allos, cebolas, cenorias, alcachofas...; fixo cortellos para a vaca e o porco. Non parou aí, no garaxe do chalé, ou sexa, no soto da casa, fixo un forno para cocer pan de millo. Transformou unha finca urbana en rural.

Alá polo ano 1940 ampliou a casa pola parte da entrada facendo un comedor no baixo, un cuarto e unha alcoba no primeiro andar e unha galería enriba do soportal.

O comedor solouno de mosaico que mercou en Valencia. Viñeron colocalo uns operarios que se botaron a chorar cando remataron o choio, pois miña nai dáballes de xantar e naqueles tempos de fame érase unha bendición. Os mobles mercounos, de encarga, na Estrada con tallas de estilo Renacemento, con cabezas de guerreiros e outros motivos que se repetían nas cadeiras de coiro, nos armarios e no zócolo que forraba en derredor o comedor. Alí era onde celebraba o día 1 de marzo un xantar no que se reunía un feixe de amigos; no menú nunca faltaba a lamprea.

Ao mesmo tempo mercou, tamén na Estrada; un escritorio do mesmo estilo; e os mesmos detalles de decoración pero sen zócolo neste caso.

Nos meses do verán a familia mudábase para A Ramallosa, aínda que nalgunha ocasión o destino fose Valeixe, Canido ou A Estrada. A casa da Ramallosa era onde viviran e tiveran o forno do pan os seus pais ata que se foron para Gondomar. Nese eido había tres casas que herdaron os fillos Jesús, Bienvenido e Ángel. Logo Jesús fixo unha casa no predio veciño que lle chamou Villa Angelita, e despois mercou un predio no alto da Romana e construiu unha casa con dúas vivendas, unha para el, porque Villa Angelita




Casa da Ramallosa onde se mudaba a familia no verán.

deixoulla á súa filla Angelita, e outra para Bienvenido. Quedouse con elas e comezou o arranxo encargándolle o proxecto ao prestixioso arquitecto Gómez Román.

No inverno, todos os domingos despois de xantar ía a Gondomar. O percorrido era sempre o mesmo. A primeira parada era no Bar Galicia na Ramallosa onde o esperaba seu irmán Jesús. A seguinte en Gondomar e despois de saudar a súa irmá Laureana, que seguía vivindo na casa dos pais, camiñaba cara ao Café de Lis onde se encontraba coas xentes da bisbarra, coas que por veces trataba das cousas dos predios, leiras e montes que por alí tiña. O Café de Lis estaba cheo de homes, falando ou xogando ás cartas, sentados normalmente ou do revés, ou sexa, cos brazos apoiados no respaldo da cadeira coma se fose unha montura de cabalgar. O chan de madeira cheo de serraduras recollía cabichas e gargallos a eito. A pesar das moitas cintas “Orión” que penduraban do teito para atrapar as moscas e que xa estaban negras de tantas como collera, habíaas tan a eito que non as dabas axotadas das cuncas do café onde a pouco que te descooidases quedaban alí espernexando ata morrer.

Despois de tomar o café ía ver algún dos predios que tiña naquela bisbarra: o serradoiro de madeira que montara na tomada de Fregodalto, cuxa maquinaria era movida pola auga da Levada do Conde -o serradoiro trasladouno máis tarde, alá polo o ano 1945, para os eirados da Ibérica Industriosa en Vigo, e volveron funcionar coa auga de Levada do Conde os tres muíños antigos-; a Vilaza, a ver o predio que herdara de seu



Os “Catro Angelitos”: Angelito, dono do bar, Ángel Asenjo, Ángel Gándara e Ángel Valverde. Aínda loce no restaurante.

pai, e alí demorábase moito pois púñase a falar co parceiro e non daba fin -se parira ou se levara a vaca ao boi, se sulfatara ou podara a viña, se atestara o viño, se limpara a mina, se...- de todos os traballos do eido e segundo o tempo.

O casal e o eido de Vilaza fixérao seu pai nun tempo no que arranaxaban, ás agachadas del, o forno que tiña na casa de Gondomar, no que facía o pan, as roscas e os boleados a súa muller Angelita, e mandábanlle o xantar para el os que paraban con el, para que non se dese conta de que estaban a facer os arranxos. Os cartos e as ideas de anovalo trouxéraas das Américas o seu fillo Manolo.

Por veces, no verán e se non era día de traballo, aparecía pola praia de Lourido e ía cara ao Angelito a tomar un vaso de viño e falar coa xente que alí se xuntaba. O Angelito comezou sendo unha pequena tenda de abastos que abría no verán para atender os poucos veraneantes que daquela tiñan casa en Praia América. O caso é que cada ano reformaba e ampliaba o local e foise convertendo nun restaurante. No que se reunían os poucos veraneantes, case todos de familias de Vigo, residentes en Vigo ou en Madrid, e algúns chegaron a crear CIT –Centro Iniciativas y Turismo- .

Era moi fumador do tabaco que chamaban “picadura” ou “flor de andamio”, e logo a “Tabacalera” pasou a facer uns pitos semileados -soamente había que repretalos e darlle cuspe na goma do papel para cerralos- que deron en chamarlle “caldo de galiña”.

Cantaba moi mal, xa no Orfeón “A Lira” de Gondomar fixéranos calar nunha proba de canto. Soamente cantaba no coche xa de noite de volta para a casa, seica que para non quedar durmido, e sempre, sempre, a mesma canción:

*Paxariños que alegres cantades
polas follas dos loureiros
e subides...*

E no Nadal despois da cea, cantaba a panxoliña:

*Xesús meu neno, meu queridiño
entre esas pallas morto de frío,
ai, miña xoia,...*

Desafinaba canto lle daba a gana, que era moita. Pero quedáralle a teima de que os fillos aprendesen música, así que contratou un profesor e mercou unha guitarra para Ángel, o maior; unha bandurra para José, o segundo; un laúde para Jesús, o terceiro; unha mandolina para María Luísa, a cuarta; e un piano para non sei quen. Este os únicos que o tocaron foron Chiro, “de oídas”, e Concha que lle daban clases no colexio. Nunca chegaron a tocar nada con xeito.

Naquel entón tivo outra teima; contratou un pintor chamado Valentín Prado, que viviu na casa como un máis da familia, para facer un cadro coa escena dun vellote de sombreiro a beber nunha cunca de viño tinto na compañía dunhas vellas lucindo panos na cabeza, que sempre decorou a parede do comedor.

En febreiro do ano 1943 faleceu Jesús e 1946 quedou sinalado para sempre coa morte do fillo Severino “Chiro” despois dunha longa tempada de padecer a doenza endémica naquel tempo de posguerra, a tuberculose. A morte levouno cando tiña dezanove anos e era un bo e guapo mozo. Aínda non se repuxera do pasamento de “Chiro” cando, en febreiro de 1947, diagnosticánlle a outro fillo, a Antonio, tamén unha lesión pulmonar e decide que parte da familia pase os invernos en Madrid.

As actividades que desenvolveu ou nas que participou vanse ir relacionando, ampliándose, con aquelas que figuran no borrador que el entregou e que se transcriben en cursiva.

1.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA ELECTRICIDADE

a) J.Valverde,S.A.

En el año 1910 es socio fundador de J.Valverde y Cia con un capital de... que luego se transformó en Comanditaria por acciones y que en 1955 pasó á SA. Con capital de 1.500.000 ptas. Y su situación es Consejero Delegado.

Dende o seu inicio foi dirixida e administrada por Ángel, e foi o eixo do desenvolvemento industrial e comercial dos irmáns Valverde, Manuel, Jesús, Ángel e Bienvenido. O máis novo José, “Pepito”, morreu da gripe no ano 1918 e Laureana, aínda que formaba parte da sociedade, seguiu co forno da nai.

J.Valverde S.A. naceu como “sociedade colectiva” o 3-10-1910 ante o Notario de Vigo don Vicente Sosa, co obxectivo de dedicarse á distribución da enerxía eléctrica e a canto se relacionase co ramo da electricidade, e foi transformada o 31-7-1916 ante o Notario de Vigo don Eladio de Cabo en “Comanditaria por acciones”, cuxos Estatutos foron reformados por unha escritura de 10-9-1916 ante o Notario de Vigo don Casimiro Velo de la Viña e inscrita no Rexistro mercantil de Pontevedra, no libro dez de Sociedades, folio cento corenta e catro, folla douscentos corenta e nove duplicado, inscripción sétima. No ano 1953 tivo a derradeira modificación ao pasar a ser *J.Valverde, S.A.*

Nos anos 1924 e 1925 no diario *El Pueblo Gallego* publicaba este anuncio.



Año 1925 Instalaciones eléctricas, de calefacción y ascensores.

<i>En Coruña</i>	<i>Obreros.....</i>	<i>ptas.....</i>
<i>“ Santiago</i>	<i>“</i>	<i>“</i>
<i>“ Vigo</i>	<i>“</i>	<i>“</i>
<i>Líneas de Padrón á Corrubedo</i>	<i>obreros.....</i>	
<i>“ “ Tambre á Puerto del Son</i>	<i>obreros.....</i>	
<i>“ “ Porriño á Salvatierra</i>	<i>obreros.....</i>	
<i>“ “ Salvatierra á Cañiza Melgazo</i>	<i>obreros.....</i>	
<i>“ “ Geve Pontevedra</i>	<i>obreros.....</i>	

Cumprindo co seu obxectivo de se dedicar a canto se relacionase co ramo da electricidade, foi espallando a súa actividade na Península Ibérica, pois desenvolveu os seus traballos en Sevilla, Madrid, O Escorial, Faro, Portimau, Melgaço e na Galiza, onde chegou a distribuír a enerxía eléctrica a máis de 25.000 subscritores dende Vigo a Nigrán; dende Salvaterra a Filgueira, polas dúas ribeiras do Miño; demde Xeve a Pontevedra; dende Padrón a Corrubedo; Noia, Porto do Son, Narón e Neda ata o Alto do Carballo de Ferrol.

En Sevilla fíxose a iluminación da Exposición do ano 1927 e chegouse a un acordo previo para mercar a *Sevillana de Electricidad* que logo se desbotou.

En Madrid montouse unha fábrica de ascensores e mercouse a *Central de Peguerinos* que fornecía a enerxía eléctrica ao Escorial que logo se abandonou por problemas do control dos consumos que levaba outra sociedade.

En Portugal, nos concellos de Faro e Portimau, forneciase a enerxía eléctrica xerada dende dúas centrais, unha en cada vila, rexidas por Manuel Valverde, e despois do seu pasamento no ano 1932, por Bienvenido Valverde, ata a nacionalización levada a cabo pola ditadura do Euxenio Salazar no ano 1945. Un empregado, Jesús Fernández, provocou un incidente nos momentos da nacionalización non só facendo ondear a bandeira española senón enrolándose nela, polo que anos despois, en visita privada do que fora xerente daquela, Bienvenido Valverde, metérono na cadea ata que se aclarou o asunto.

Nos arredores de Vigo, máis concretamente dende Canido a Nigrán, fornecía as parroquias de Canido, San Miguel de Oia, Saiáns, Priegue, Patos e Tarela, e no ano 1955 electrificouse a parroquia de Fragoselo.

Tamén nos arredores de Pontevedra forneciáanse os lugares de Alba, Cerponzóns e Xeve.


A zona do río Miño comezaba nos arrabaldes de Salceda de Caselas e ao principio abarcaba os concellos das Neves, Arbo e A Cañiza. Na parroquia de San Pedro de Batalláns, das Neves, había unha pequena Central Eléctrica aproveitando as augas do río Uma, que fixera un cura chamado Manuel Cabaleiro Martínez, párroco de Uma (Salvaterra), cos cartos que lle tocaran na lotería para darlle luz á parroquia ata As Neves; foi mercada por *J. Valverde* en maio de 1930 e pechada despois por non ser rendible. Logo, no ano 1960, *J. Valverde, S.A.* mercoulle a don José Fernández Piña a *Hidroeléctrica del Deva* que dende a central do río Deva fornecía os concellos de Crecente e Cortegada.

Dende Arbo distribuíase enerxía eléctrica no concello de Melgaço (Portugal) ata o ano 1960 en que se serviron da central do río Coura incumprindo a cámara os contratos de fornecemento que foron reclamados xudicialmente sen éxito pois as reclamacións foron rexeitadas polo Tribunal Administrativo do Porto.

No Concello de Salvaterra don Matías Candeira tiña unha distribuidora da que era socio industrial a título individual e tamén dende ela se fornecía o concello portugués de Monçao.

Tamén na provincia da Coruña, *J. Valverde* distribuía nos concellos de Neda e Narón, chegando ata o Alto do Castaño, xa nas portas de Ferrol.

Na zona norte da Ría de Arousa había dúas centrais produtoras e distribuidoras de enerxía eléctrica, unha en Rianxo, da familia Baltar, e outra na Pobra do Caramiñal cun pequeno salto de auga, que antes fora muíño, no río San Xoán ou Das Pedras e que



dende 1898 daba forza motriz á fábrica de alumado eléctrico da Pobra do Caramiñal e Santa Uxía de Ribeira, que figuraba a nome de don Prudencio Otero Sanchez e se fixera con cartos de don José Riestra Lopéz, 1º Marqués de Riestra, Senador do Reino e Banqueiro, como se recoñece na escritura ante o Notario don Valentín García Escudero con data 5 de maio de 1908; a tal fábrica acabou sendo a *Central Eléctrica da Pobra do Caramiñal, Palmeira e Sta. Uxía de Ribeira*.

Co crecemento que levara a zona polo desenvolvemento das industrias de salgadura e conserva de peixe, e, sobre todo, pola seca dos veráns que deixaban sen auga o río Das Pedras, tamén chamado do Barbanza pois de alá baixaba, o pouco ou nada que a central producía soamente creaba moitos problemas de abastecemento e a pesar de que cun técnico, seica italiano, estaban a facer unha central térmica na desembocadura do mesmo río Das Pedras, no lugar do Pozo, que nunca foi acabada e da que soamente quedaba a alta cheminea de ladrillos vermellos, foi polo que os propietarios da central acudiron a *J. Valverde, S.A.*, para instalar unha liña de alta tensión que levase a enerxía producida pola *Sociedad General Gallega de Electricidad* dende Padrón á Pobra do Caramiñal.

b) Distribuidora Gallega de Electricidad, S.A.

En el año 1930 fundé la Distribuidora Gallega de Electricidad SA con la Banca Riestra y Cía. de Pontevedra para la electrificación de la Zona de Padrón á Corrubedo. Era Consejero Delegado en esta Sdad la cual fue absorbida en el año 1945 por conveniencia de J. Valverde y Cía. S en C por acciones.

Para explotar esta liña, o 27 de xullo do ano 1930 na vila de Marín, ante o notario Ramón Díaz Ponte, don Vicente Riestra Calderón, casado con dona Isidora

Peinador, Enxeñeiro Industrial, e don Ángel Valverde Prado, como administrador de “*J. Valverde y Cia. Sdad. en Comandita por Acciones*”, constitúen a “*Distribuidora Gallega de Electricidad S.A.*” cuxo Consello de Administración, chamado Consello de Fundación, foi: Presidente, don Vicente Riestra Calderón; Vice-Presidente, don Remigio Hevia Marinas; Xerente, don Ángel Valverde Prado; Secretario, don Bienvenido Valverde Prado; Vogal suplente 1º, don Ignacio Riestra Calderón, Vogal suplente 2º, don Jesús Valverde Prado. O capital social foi de 500.000 ptas., 300.000 en accións ordinarias de cincocentas pesetas cada unha, e 200.000 en accións preferentes, tamén de cincocentas pesetas cada unha, co 6% de xuro.

Don Vicente Riestra Calderón achegaba a *Central Eléctrica de la Puebla del Caramiñal, Palmeira y Ribeira* coas súas máquinas, concesións, solares, edificios e redes de distribución valorado todo en cento vinte mil pesetas; o fío de aluminio empregado na liña de alta tensión de Padrón a Pobra, mais a concesión desta mesma liña que ten solicitada ao seu nome, valorados en cincuenta mil pesetas. Por estas cento setenta mil pesetas correspondéranlle sesenta e oito mil pesetas de accións preferentes e cento dúas mil pesetas en accións ordinarias.

Por outra banda, *J. Valverde e Cia.* achega a liña xa colocada dende Padrón a Pobra, con todo o seu material, postes e demais de longa, excluíndo o fío de aluminio e a concesión que achega o Sr. Riestra, valorado todo, con man de obra e traballo de dirección, en duascenas oito mil pesetas polas que lle corresponden oitenta e tres mil pesetas en accións preferentes, e cento vinte e cinco mil pesetas en accións ordinarias, quedando o resto das accións en carteira.

No ano 1945 a *Distribuidora Gallega de Electricidad, S.A.* foi absorbida por *J. Valverde y Cia.* entrando don Vicente Riestra Calderón a formar parte do Consello de Administración desta última como Conselleiro.

No ano 1962 os herdeiros de Jesús Valverde Prado véndenlle a súa parte e o 26 de setembro do 1962 nomea apoderado de *J. Valverde, S.A.*, coas máximas facultades, a Antonio Valverde Alonso que xa traballaba na filial dende o ano 1955.

O crecemento dos consumos comezara sendo un labor de apostolado pois a xente do rural, cando se lle instalaba unha lámpada, “buxia” chamábanlle eles, dicían: O Valverde o que quere é que nos afagamos á luz para despois pasarnos o recibo todos os meses.

E outro tanto pasaba cos industriais aos que había que prestarlles os motores para que modernizasen as instalacións, que se dispararan coa chegada dos electrodomésticos (cocinas, frigoríficos, televisores,...) e novos sistemas de traballo onde a enerxía desprazaba a man de obra; facíase necesaria a mellora das distribucións con investimentos difíciles de financiar. As grandes produtoras que fixeron os embalses -que con tanto fasto inauguraba o Caudillo- cos cartos do empréstimo dun organismo chamado Ofile -dun imposto que pagaban os consumidores no recibo da electricidade e que despois esas débedas foron canceladas cando pouco antes de morrer suprimiu o tal organismo- aproveitaban para irse facendo coas distribuidoras. Naquel entón había en Galiza 169, e a maioría delas formaban parte dunha asociación chamada Unesita.

Fenosa cobizaba a distribución de *J. Valverde, S.A.* por ser unha das maiores de Galiza, e empezou un acoso de moi difícil arranxo se non era a venda. As negociacións levounas Ángel Valverde cos directores da *Fenosa*, Benigno Quiroga, primei-

ro, e Fernando Salorio despois, pero as máis resolutivas foron co presidente Pedro Barrié. Estas negociacións celebrábanse na Coruña e estaban cheas de fintas, estratexias, propostas, engados, coma unha pelexa entre titáns. Unha das estratexias que alporizaba a Barrié era a ameaza de facer un acordo con Gulías da *Hidroeléctrica do Carballiño* que tiña un salto de auga conectado coa Rede Nacional, e, facendo unha pequena liña, fornecerse a través del da *Hidroeléctrica Española* e non da *Fenosa*.

No ano 1963 chegan a un acordo e véndese a distribución con máis de 25.000 abonados a *Fenosa*. Unha parte do prezo da venda foi en accións, polo que seguiu mantendo relacións coa electricidade ata o seu pasamento.

Eran socios nese momento: 48,93% Ángel Valverde Prado; 19,27% Herdeiros de Benito Valverde Prado; 14,72% Banca Fillos de Olimpio Pérez, representada por Marcelino Pérez Blanco Presidente de *J.Valverde* e Vicepresidente de *Fenosa*; 5,92% Wenceslao González Garra, Conselleiro das dúas Sociedades; 0,19% Vicente Riestra Calderón, Conselleiro tamén das dúas Sociedades; 1,03% Francisco Novoa Patiño, Delegado de *Fenosa* en Pontevedra; e outros como Benito García Yáñez, Marina Rodríguez García, José Ramón Fontán González, Manuel Alonso Gonda, Román e Paulino de Lis Rodríguez, Laureana Valverde Prado, Hixinio Facorro González, Herdeiros de Domínguez Macaya e Benita Viñas del Monte.

c) Cia. De Suministros y Montajes Industriales, S.L.

En el año.....fundó la Cia. De Suministros y Montajes Industriales SL filial de J.Valverde y Cia. Con un capital de ptas. 160.000. En varias ocasiones se aumentó el capital de esta Sdad. Y últimamente se elevó a 1.000.000 de ptas. De esta Sdad. soy Gerente.

Naceu como filial de *J.Valverde y Cia.*, no ano 19?? para a venda de material eléctrico, electrodomésticos, instalacións eléctricas e alumeadado público tanto nas zonas de distribución de *J.Valverde* como na bisbarra da cidade de Vigo e tiña a distribución en exclusiva das mellores marcas de electrodomésticos e aparellos eléctricos, e cando chegou a TV foi responsable das instalacións do poste repetidor que cubría as retransmisións na bisbarra instalado no monte Xaxán. Ademais dos socios de *J.Valverde* participaban nela a familia González Portela. Estaba no mesmo local da calle Angel Urzaiz nº 10 e chegou a ter sucursais nas cabeceiras das zonas e mesmo en Lalín.

No ano 1955 entrou a traballar na empresa o seu fillo Antonio e en xuño do ano 1962 *J.Valverde, S.A.* vende as súas participacións a Ángel Valverde Alonso e a José María Valverde Bás. E tamén José Valverde Viñas vende a Ángel Valverde Alonso as participacións que tiña nesta sociedade.

d) Electra Alto Miño.

O 12 de marzo do ano 1929 *J.Valverde y Cia.* maniféstalle á *Sociedad General Gallega de Electricidad* que, por acordo entre Ángel Valverde e Matías Candeira, cede todas as xestións que ata agora levaba feito para o fornecemento a Salvaterra ao Sr. Candeira quen lle recoñece a Ángel Valverde accións da nova sociedade que vai constituír para distribuír a enerxía eléctrica nunha zona que abarcaba dende

Budiño (Porriño) ata Salvaterra, logo ampliada ata Pontearreas e Oleiros (Salvaterra).

e) Distribuidora Novium de Electricidad, S.L.

En el año... fundó la Distribuidora Novium de Electricidad SL. de Noya para electrificar el rural de esta zona desde el Tambre hasta Puerto del Son y conserva la participación de socio en esta Empresa.

Para fornecer as vilas de Noia, Porto do Son e Portosín coa enerxía eléctrica xerada polo salto construído en 1920 no río Tambre por don Wenceslao González-Garra, que tamén formou parte do Consello de *J.Valverde*, cun fermoso edificio proxectado polo arquitecto Antonio Palacios, pasando anos máis tarde á *Sociedad General Gallega de Electricidad* e a Fenosa, creouse a *Distribuidora Novium* na que participaba, a título persoal, Ángel Valverde.

2.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO VIDRO

a) Iria, S.A.

En el año..... inició en Padrón la fabricación de vidrio porque estábamos necesitados de las ampollas para bombillas.

É de supoñer que con motivo dos traballos da liña de Padrón a Corrubedo coñécese a don Estanislao Pérez Rey, propietario e director de *Iria, S.A.* a fábrica de ampolas e casquillos para lámpadas eléctricas na que chegou a colaborar instalando uns queimadores de fuel óleo para queantar un forno con catro crisóis para fundir vidro.

b) Vidros de la Florida, S.A.

Al entrar en esta nueva Actividad Industrial se desvía algo de la parte de instalaciones eléctricas también porque no había materiales debido a la guerra y entonces construye en la Florida la nueva fábrica y constituye la Sdad. Vidrios de la Florida S.A. de la cual es Consejero Delegado desde su fundación en el año.....

Al iniciarse la producción en esta fábrica y como los clientes de Padrón eran de la ampolla de bombillas, en Vigo iba a tener muchas dificultades.

No ano 1945 deixou a fábrica de Iria e instalou en Vigo unha fábrica de vidro soprado, que, por estar na rúa da Florida, chamou *Vidrios de la Florida, S.A.*

Estaba destinada a fabricar ampolas para lámpadas eléctricas, como facía na fábrica de Padrón, pero ao facelas en Vigo ía ter moita dificultade para servir as fábricas de Madrid polo que a dedicou a facer o chamado vidro oco (vasos, copas, etc.). Na fábrica de Vigo, chegouse a facer vidro de moi alta calidade en pezas para cristalería de mesa ou de ornamentación talladas a man. Nun tempo o obradoiro de talla pasouse a unha nave nos terreos que tiña na rúa Tomás Alonso a *Ibérica Industrial, S.A.*, a carón da súa casa de Peniche, como “escola de talla” da que saíron

bos profesionais, algúns acadaron fama na emigración a Alemaña en tempos nos que esa era a saída á crise que había no noso país.

c) Romachelar, S.A.

Para servir á las fábricas de Madrid viene la idea de que más valía hacer allí la ampolla y en Vigo dedicarse á vidrio de mesa pues era el más indicado para la venta en todo España. Por tal motivo se pone en relaciones con una fábrica que en Madrid estaba montando Romachelar S.A.. Y consigue ponerla en marcha con elementos llevados de Padrón y Vigo. En el año... entra á formar parte de dicha Sdad. que luego debido á que sus socios fundadores habían sido unos abogados andaluces que no tenían condiciones tuvo que modificar su constitución pasando a Consejero Delegado. Esta fábrica que en sus principios tuvo mucha dificultades se rehizo al hacerse cargo de la dirección don Bienvenido Valverde.

Ao decidir que a fábrica de Vigo non era axeitada para comercializar as ampolas para as lámpadas eléctricas, púxose á fala cuns avogados andaluces que estaban montando unha, no ano 1940, co nome de *Romachelar, S.A.* (acróstico silábico dos nomes dos avogados Rodríguez, Martínez e Lara). Con elementos das fábricas de Padrón e Vigo consegue póla en marcha e figura como Conselleiro-Delegado, em 1945, disegando Director ao seu irmán Bienvenido, que viña de deixar Portugal ao seren nacionalizados os negocios estranxeiros.

A fábrica de Madrid, que estaba na rúa Nieremberg da zona industrial do barrio da Prosperidad, comezou facendo ampolas para lámpadas eléctricas, pero mudou a elaborar envases para os laboratorios farmacéuticos, sobre todo para penicilina que era o descubrimento do momento e tiña unha gran demanda, sobre todo os chamados doblenvas para liofiliados que eran dificultosos de facer.

Ao falecer Bienvenido, no ano 1960, nomea director a Manuel Valverde Bas, o seu sobriño, que casaría coa súa filla Carme.

Despois do seu pasamento, en 1965, por necesidades de espazo para o desenvolvemento, a fábrica trasládase a unha nova planta no concello de Alcobendas e comeza a súa decadencia e despois dunha malfadada venda á empresa norteamericana Ankhok Hokins, ao peche no ano 1978 deixando sen traballo a 350 empregados.



Acción de Romachelar S.A.

3.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CONSTRUCCIÓN

Conseguido en Madrid este éxito por su hermano don Bienvenido se iniciaron también unas Sdades de Construcciones que una se denominaría Inmobiliarias Miñor S.A. para bloques de casas protegidas y la otra Construcciones Valverde S.A. De estas dos entidades me nombraron Presidente del Consejo desde la fecha de constitución que es...

a) Inmobiliaria Miñor, S.A.

Esta empresa constituíuse para a construción de vivendas con protección oficial formando parte dela, entre outros familiares e amigos, o sobriño e arquitecto Jesús Valverde Viñas. Esta empresa construíu os seguintes edificios na cidade de Madrid: na rúa Nieremberg 21, un edificio de 7 andares para 28 vivendas; na rúa Marcenado 43 un edificio de 7 andares para 42 vivendas; e na rúa Las Cañas 13 con XXX vivendas.

b) Construcciones Valverde, S.A.

Os socios fundadores: foron o seu irmán Bienvenido como Conselleiro co 50%; el como Presidente e Conselleiro co 22%; o sobriño e arquitecto Jesús Valverde Viñas como Director, co 6%. Repartíndose o resto entre os amigos de sempre, Benito Garcia Yañez co 14%, Paulino de Lis e Honorio Riesgo co 3% cada un; e Publio Mateo co 2%.

Con esta empresa construíronse os edificios seguintes: na rúa Concha Espina 13 un edificio de 84 vivendas de luxo en 6 bloques de 7 andares; garaxes, frontón, sala de reunións e restaurante; na rúa General Yagüe nº 8; na rúa Capitán Haya nº 28,30,32 e 34; na rúa Huesca nº 54 (agora Pintor Juan Gris 5) 36 vivendas en 9 andares; na rúa Presidente Carmona; e na rúa Juan Ramón Jimenez nº 55. Todos eles en Madrid

c) Urbedisa, S.A. “Urbanizaciones y edificaciones, Sociedad Anónima”

Un grupo de coñecidos, entre os que se atopaba o xenro do seu amigo José Lago, constituíran en Vigo unha empresa dedicada á construción de vivendas de renda limitada. No ano 1964 subscribiu 40 accións, números 611 ao 650, por un nominal de duascenas mil pesetas. Esta empresa fixo as edificacións 1, 2, 3, 4 e 5 na rúa viguesa da Gran Vía nº 166.

d) Cenir, S.L.

No concello de Nigrán, no lugar coñecido como A Telleira, había unha industria de facer tellas e ladrillos que, ao parecer, era da empresa Suardiez e rexentábao Heriberto Blanco. Non pasaba por un bo momento; ou se vendía ou pechaba. Xunto con Marcial Peralba Cabaleiro, coñecedor do negocio por ser socio da *Cerámica MAS* instalada no Porriño, e Anselmo Cabello Rodríguez, aparelador, decidiron facerse cargo dela. O 14 de maio de 1958, ante o notario de Santa Cristina da Ramallosa José Larrumbe Maldonado, constitúen *Cerámicas de Nigrán Reunidas, Sociedad Limitada*

que usará o nome de *CENIR, S.L.*. No ano 1962, Anselmo Cabello Rodríguez véndelle as súas participacións a Marcial Peralba Cabaleiro que, ao cabo dun ano, llas vende ao cabo dun ano aos irmáns Pelayo, Manuel, Raquel, Vicente e Serafín Fernández Fernández.

4.- ACTIVIDADES RELACIONADAS COA INDUSTRIA NAVAL

a) Trabajos portuarios, S.A. – Tepsa

Se promueve en Vigo la constitución de una Empresa de Construcciones de Puertos que sucediera á la de Uriarte que por fallecimiento y por su estado económico promovería una situación poco agradable en el crédito de Vigo y con otros amigos ayude á salvar la situación nombrándose Vicepresidente del Consejo de Administración “Tepsa” ó sea Obras Portuarias S.A.

Un suposto amigo do seu fillo Jesús promove en Vigo a constitución dunha Empresa de Construcións de Portos que sucedese á de Uriarte e convénceoo para que, con outros amigos, axude a salvar a situación. O 26 de setembro do ano 1957 constitúese, ante o notario Tomás Santoro, a empresa *Trabajos portuarios, S.A. – TEPSA* que queda anotada no Rexistro mercantil f. 178 libro 81 folla 1308, e é nomeado Vicepresidente do Consello de Administración subscribindo o 20% do capital.

Ademais das obras navais fixo construcións civís, como o Hotel de Samil, o Colexio Ángel da Garda, a Torre de Illa de Toralla, ou un edificio de vivendas na rúa Uruguay, entre outras.

b) Construcciones Ramón Valverde, S.A.

O tal suposto amigo do seu fillo Jesús fixera unha sociedade co seu nome e meu pai collera 257 accións cando houbo de facerse cargo dela Tepsa.

c) As bateas

Froito das conversacións co ilustre mariño Ricardo Quiroga que lle brindaba a oportunidade de conseguir as licenzas e os fondeos para unhas bateas na ría de Vigo, solicitou catro a nome de seu fillo Jesús, as JIVAL 1, 2, 3 e 4, pero que, coma sempre, levouno el todo, dende a construción ata a explotación. As dúas primeiras estaban fondeadas no lugar que hoxe ocupa o estribo norte da Ponte de Rande. As outras dúas, a JIVAL 3 e a JIVAL 4, encargoullas a un estaleiro, tamén de San Adrián de Cobres, achegando a madeira do serradoiro da Ibérica.

O caso foi que unha noite, a pesar de terlle ben avisado ao encargado de que mantivese pechada a bañeira da batea, os do contrabando do tabaco enchérona de cartóns que descubriu a Garda Civil, e, ao día seguinte, un Avogado do Estado, amigo de meu pai, alertouno de que poderían responsabilizalo e que era mellor que vendese a batea canto antes, e así o fixo. Certo tamén que o encargado debeu ter algo que ver cos contrabandistas xa que apareceu tempo despois morto dentro dun pozo e dixeron que se suicidara.

5.- ACTIVIDADES BANCARIAS

a) Banco de Vigo, S.A.

O *Banco de Vigo* fundárase en 1910 e foi quen de facer un edificio novo na esquina que fan as rúas Colón e Policarpo Sanz, hoxe sede do Banco Pastor, amais de amosar uns exercicios económicos positivos ata o ano 1923. O balance dese ano, presentado á Xunta de Accionistas no mes de marzo de 1924, amosa uns beneficios de 866.717,85 e reparte un 5% aos accionistas. Pouco tempo duraron estes bos resultados pois no mes de marzo do ano 1925 declárase en suspensión de pagos.

Sempre teimou por un Banco que non levase para outros lugares os aforros das xentes e negocios de Vigo, por iso comezou a argallar o levantamento da suspensión de pagos do Banco de Vigo. Esta argallada, secundada por moitos empresarios de Vigo e coa intervención do prócer Castro Rial e a *Banca Viñas Aranda*, deu como resultado a creación no ano 1953 do *Banco de Vigo-Viñas Aranda S.A.* cun capital social de 10.000.000 pesetas e un novo Consello de Administración formado por empresarios e ilustres personaxes vigueses:

Presidente de honor: Francisco Viñas (*Banca Viñas Aranda*)

Presidente: Antonio Valcarcel Garcia (Presidente de *Tranvías Eléctricos de Vigo TEV*, de *Pacificadora Viguesa*, e de *Vidrios de la Florida*)

Conselleiros:

-Rodríguez Gil

-García Lombardero (médico)

-Joaquín Urzaiz Cadaval (ex Ministro de Facenda)

-Ruíz Morales

-Alejandro Barreras Barret (industrial)

-Manuel Estarrago Fernández (enxeñeiro da Xunta de Obras do Porto de Vigo)

-Fernando Conde Ponte (presidente da Xunta de Obras do Porto de Vigo)

-Fernando Portanet Suárez (conserveiro)

-José Barreras Puente (industrial)

-Angel Valverde Prado

-Ramón Fernández Barreiro (xoieiro)

-Cesar Torres Martínez (avogado)

Director: Fernando Pérez Martínez (Ex director do Banco de España en Vigo)

Conselleiro delegado: Ricardo Sanz Barriopedro

Dende o ano 1957 nomease só *Banco de Vigo, S.A.*. Foi vendido ao *Banco Popular*.

6.- ACTIVIDADES RELACIONADAS CO TRANSPORTE

a) Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A.

En el año 1943 fue nombrado Consejero de Tranvías Eléctricos de Vigo en un momento en que dicha Cia. estaba regida por elementos que entendían debían preparar una solución y convencerle para una entidad forastera absorberla. Se opuso á tal operación y reunió elementos que lo ayudaran á

impedirlo dándole así á esta empresa de Vigo una continuidad seria en su Consejo de Administración porque tienen la mayoría de capital. Es Consejero desde el año 1943...

Sempre tivo relación co proxecto da liña do ferrocarril que unía Vigo co Val Miñor que compartía con Joaquín Fontán, Julián Valverde, e outros residentes no Val Miñor. No ano 1943 foi nomeado conselleiro nun momento no que dita sociedade estaba rexida por persoas que entendían que debían axeitar unha solución e convencer a unha entidade forasteira para que a absorbese. Opúxose a tal operación e reuniu elementos que o axudasen a impedilo.

No ano 1963 o alcalde de Vigo Rafael Portanet determinou que os tranvías non cumprían axeitadamente co trafico viario ademais de ser un ruidoso estorbo e cancela a concesión para cambiala por outra empresa que fixese o servizo de transporte de viaxeiros por medio de autobuses, que lle foi concedida á empresa *Vitrasa, S.A.. Tranvías Eléctricos de Vigo* xa tiña estudado ese medio de transporte de viaxeiros e xa mercara en Londres unha partida de autobuses de dous pisos a través dunha nova empresa pero non tivo opción de pólos en servizo.

b) Tranvías de Vigo a Mondariz, S.A.

En el año..... por virtud de un convenio con D^a María Peinador se me nombra Consejero de Tranvías Mondariz á Vigo y colaboré para buscar una solución que pudiese afianzar la explotación de aquel negocio. En vista de que no había posibilidad de orientar convenientemente la solución pretendí renunciar á mi cargo (pero se insistió en que continuase (este párrafo está riscado)) y entonces dio motivo esto para que se admitiese una operación de compra de acciones mayoritarias que fueron adquiridas por



Accións das empresas Tranvías Eléctricos de Vigo e Tranvías de Vigo a Mondariz respectivamente.

Tranvías Eléctricos de Vigo y de esta forma se ha consolidado un asunto que habría terminado mal en poco tiempo. Continuo pues como Consejero de Tranvías Eléctricos de Mondariz á Vigo.

No ano... por virtude dun acordo con dona María Peinador Estévez, herdeira de don Gumersindo Ramón Peinador Vela, que xunto co seu irmán Sabino Enrique foi descubridor e fundador do Balneario de Mondariz e Promotor de *Tranvías de Vigo a Mondariz*, casada con Vicente Riestra Calderón, conselleiro de *J. Valverde, S.A.*, é nomeado conselleiro da tal sociedade co fin de acadar unha solución que puidese afianzar a explotación daquel negocio. Non foi quen de acadar unha saída conveniente e pretendeu renunciar ao seu cargo pódoo a disposición da Sociedade. A renuncia non foi admitida e insístenlle en que continúe no cargo e, na procura de solucións, consegue que a merque *Tranvías Eléctricos de Vigo*, consolidando deste xeito un negocio que había de ter un mal final en pouco tempo.

7.- ACTIVIDADES AGRÍCOLAS E GANDEIRAS

a) Galiñeiro

Non ten dúbida, a súa afección máis clara polos animais decantábase polas galiñas, e aínda que sempre repetía o dito “ave de pico non fai o amo rico” engadindo “se o amo é un burrico”, nunca deixou de crialas onde quixera que vivise, como xa quedou dito ao falar da casa da rúa Pi Margal de Vigo na que viviu logo de casar.

No alto da Romana mercáralle a un seu parente un predio no que había unha casa de cachoteiro, e fixo uns galiñeiros. No baixo da casa tiña uns cortellos que arraxou para montar unha incubadora eléctrica e, daquela os xaponeses non inventaran o sistema para coñecer o sexo, para separar os pitos das pitas non había outra que esperar a que aos pitos comezase a crecerlles a crista, o que os condenaba, logo, xa ao pote. A selección dos ovos para incubar facíase de acordo cos partes diarios de posta das galiñas dos que se escollían só os das que máis puñan. Parecía que era máis rendible criar polos para engorde, e, como había unha empresa que ofrecía a entrega de pitos de un día, os pensos para alimentalos ata que pesasen ao redor dun quilogramo e a comercialización, fíxose unha nave apropiada para iso e deixouse o resto da explotación. O caso foi que a rendibilidade non compensaba os riscos, pois había que aceptar unhas letras polos cargos dos pitos e dos pensos con vencementos posteriores á data da recollida e ningunha compañía de seguros cubría o risco dun posible accidente.

b) Vacariza

Como era conselleiro de Balaídos SA, nos terreos que lle quedaron á sociedade despois da cesión ao concello de Vigo para o campo de fútbol do Celta, montou unha corte para unhas trinta vacas de leite de raza suíza con instalacións para a uperización -tratamento de esterilización do leite que consiste en quentalo ata chegar a 150°C durante uns cantos segundos-. Coidaba o gando un “pasiego” que se gababa do moito leite que muxía delas, en especial da que chamaba “Capitana” que

daba ata 36 litros de cada muxida. E tamén do touro que as cubría, que o paseou por Vigo antes de levalo ao matadoiro de Alcabre.

c) Muíños

No predio de Fregadalto, onde tivera o serradoiro, volveu pór en marcha os tres muíños que movían as augas da levada do Conde. Para que tivesen traballo todo o ano fixo un acordo cun organismo oficial que naquel entón chamábase Servicio Nacional del Trigo. O muíneiro e a familia vivían na casa que tiña o terceiro dos muíños pero como a electricidade non chegaba alí, para que tivesen luz argallou un sistema pondo no eixo do muíño unha roda de bicicleta que por medio dunha polea movía unha dínamo dun coche e cargaba unha batería tamén de coche.

8.- ACTIVIDADES DIVERSAS

a) La Ibérica Industriosa, S.A.

Estableció algunas pequeñas industrias con la ayuda de sus hijos Ángel y José que estudiaban entonces el Bachillerato.

Una Fábrica de artículos de limpieza y tintas.

Una fábrica de Hielo.

Un aserradero que con una droguería constituyen los negocios de La Ibérica Industriosa S.A. de la cual es Presidente del Consejo de Administración.

No ano 1943, ante o Notario de Vigo Fernando Póveda, constituíu unha sociedade anónima co nome de *La Ibérica Industriosa* co fin social do desenvolvemento de actividades diversas, algunha das cales xa funcionaban e dáballes así cobertura a *“algunas pequeñas industrias con la ayuda de sus hijos Ángel y José que estudiaban entonces el Bachillerato”*.

Estas actividades foron: Unha Fábrica de tinta de imprenta, ceras para pisos e cremas para o calzado, artigos de limpeza e tintas. Cremas e ceras de lustrar para o calzado coa marca “Ibérica”, que logo o fillo Ángel cambiou por “Flash”; ceras para os pisos de madeira; tintas para escribir e especiais para imprenta. Na mesma fábrica facíanse os envases de folla de lata, para o que se montou un taller mecánico cun torno para facer os cuños de catro maquinas cuñadoras. As láminas de folla de lata –intervida polo goberno, que concedía cotas moi escasas- imprimíanse na *Artística* que era a que facía a maior parte dos envases para as fábricas de conservas. Xa naquelas datas usábase a promoción das vendas coa colección de estampas con premios para os que as completasen. A *Ibérica* usou este xeito para completar con fotografías de Galiza uns preciosos cadernos dos que por desgraza non queda ningún. Tamén se facían as caixas de cartón e os folletos dos produtos, estes últimos nunha imprenta tipo “Minerva” que manexaba por horas un traballador do *Faro de Vigo*.

El chamáballe á fábrica “o centro de investigacións científicas” porque Ángel fillo, que rematara os estudos de Química, montara alí un laboratorio e non paraba de facer experimentos, non xa sobre as ceras e tintas, senón doutras cousas, como lanolinas –graxa de lá de ovella para cosmética-, substituír a cera de “carnauba” por

outras de esparto -para o que fixo un trebello que non deu traballado-, ouro líquido para a decoración de vidro ou porcelana, e un longo etc.


Unha *Fábrica de Xeo* en Santa Uxía de Ribeira na que se fornecía toda a flota pesqueira daquela bisbarra da ría da Arousa, por certo, a través dunha fiestra, polos problemas que tiña co dono do local. O que máis se beneficiaba desta industria era o encargado, que aproveitaba as cámaras para gardar o peixe que lles mercaba aos mariñeiros e logo mandabao para Santiago ou Madrid. Está ben claro que coñecía este tráfico pero facía a vista gorda pois non poucas veces o encargado mandáballe algún destes peixes que apreciaba sobre todo se era corbelo, pois dicía que era “a pescada da Ría”.

Un serradoiro de madeiras que xa tivera montado en Couso (Gondomar) movido por a auga da levada do Conde e que trasladou electrificado aos terreos da *Ibérica* en Vigo. Non estiveron moito tempo nese lugar pois trasladounos a un eido que mercara a carón da fábrica de vidro na Florida. A madeira que serraba fornecía madeiros que a mercaban nos montes, ou mercábaa nas poxas que facían os concellos ou outras entidades de montes veciñais. Para transportar a madeira había unha camioneta. Logo mercou un camión de segunda man e cambioulle o motor por un Barreiros, por suposto que de segunda man tamén. Cando mercou o monte do Meixoeiro, en Domaio, como non tiña camiño para transportar a madeira, argallou de baixala por un teleférico que montou con cables vellos dos usados para amarrar os pesqueiros e achegaba uns aparellos que chamaban pastecas baixaban os piñeiros ata o borde do mar e logo leváboas ao serradoiro no tal camión ou en embarcacións chamadas pataches, ata Coia, no outro lado da ría. O invento avariábase a cada pouco e quedaban as lingadas de piñeiros suspensas por enriba das casas sendo un perigo para os veciños, e decidiu facer unha estrada pola que puidese subir o camión.

Unha droguería na rúa Policarpo Sanz de Vigo a carón da farmacia que lle puxera á súa sobriña An-



Acción de La Ibérica Industrial.



Fábrica de tinta de imprenta, ceras para pisos e cremas para o calzado.

gelita. Levaba as contas a súa filla María Luísa e dirixíaa tamén o seu fillo Ángel. Foi vendida a un tal González para montar unha tenda de fotografía.

b) Balaídos, S.A.

Fue Consejero de Stadium de Balaídos y al venderse éste al Ayuntamiento quedó como Vicepresidente de Balaídos SA.

Formou parte da sociedade *Stadium de Balaídos* promovida por Don Joaquín Fontán Ozores para dotar de terreos ao equipo de fútbol Celta de Vigo, da que foi conselleiro. Cando se lle venderon ao concello de Vigo os campos de xogo, a sociedade pasou a chamarse *Balaídos, S.A.* sendo nomeado vicepresidente.

c) Mutua Regional de Seguros

Por virtud de ser Vidrios de la Florida mutualista en la Mutua Regional de Seguros en el año 1956 se me nombró Vocal de esta Mutualidad Viguesa.

d) Proxecto de desecado das marismas do río Miñor

No ano 1952 presentou na Xunta de Obras Publicas unha solicitude de concesión para un proxecto de desecado das marismas do río Miñor, que foi motivo da

Circular nº52 do 04-03-1952 que se publicou no *Faro de Vigo* do día 10 de marzo e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 15-04-1952 establecendo un prazo de trinta días para presentar alegacións.

O proxecto fixérao o enxeñeiro, de Obras do Porto de Vigo, Félix Cabello e contemplaba a construción dunha ponte entre o monte de Lourido e o areal da Ladeira dotado dun sistema de comporta que deixase subir o mar nas mareas e quedasen pechas na baixamar formando un encoro e unindo a estrada de Praia América coa de Vigo a Camposancos á altura de Santa Marta.

A solicitude desatou unha gran polémica da que se fixo eco a prensa local -*Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*- e apareceron escritos expoñendo razóns estéticas e sociais en contra e a favor do proxecto, e tamén del, defendendo o interese do proxecto. O pobo tamén se manifestou e algúns acudiron con carros levando algas para estercar os campos supostamente recollidas naquelas marismas e berrando: “Queremos o río, queremos o mar, a Ángel Valverde ímolo matar”

Xa noutro tempo Laureano Losada Carrera tivera a idea de facer navegable o río Miñor ata Gondomar, pero este proxecto tiña outro senso.

Finou o 31 de decembro do 1965.